

INFORME DE SEGUIMIENTO E RESULTADOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E ATENCIÓN AS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

(PAT-ANEAE)

CURSO 2022/2023

<i>I. INFORMACIÓN XERAL</i>	2
<i>II. COORDINACIÓN</i>	2
<i>III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN</i>	2
<i>IV. TITTORES(AS)</i>	3
<i>V. TTTORIZACIÓN</i>	4
• GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS:.....	4
• GRAO EN DEREITO:.....	5
• DOBRE GRAO ADE-DEREITO:.....	6
• MESTRADO EN AVOGACÍA:	7
• MESTRADO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL:.....	8
• MESTRADO DE MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLICTO SOCIAL:.....	9
• PROGRAMA PIUNE:.....	10
CRONOGRAMA DE DESENVOLVEMENTO DO PAT-ANEAE: ORIENTA-T	11
<i>VI. ENQUISAS</i>	13
<i>VII. CONCLUSIÓNS</i>	14
<i>VIII. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS</i>	15
• GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS:.....	15
• GRAO EN DEREITO:.....	15
• DOBRE GRAO ADE-DEREITO:.....	15
• MESTRADO EN AVOGACÍA:	15
• MESTRADO EN MENORES EN SITUACIÓN DE DESPROTECCIÓN E CONFLICTO SOCIAL:.....	16
• MESTRADO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL:.....	18
• ENQUISA TITTORES(AS):.....	19

I. INFORMACIÓN XERAL

Centro/s	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Universidade de Vigo
Denominación do/s título/s	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos Grao en Dereito Dobre Grao ADE-Dereito Mestrado en Avogacía Mestrado en Xestión e Dirección Laboral Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social
Curso	2022/2023

II. COORDINACIÓN

Coordinador/a do PAT-ANEAE	Regina Ibáñez Paz
----------------------------	-------------------

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Dacordo ao Plan establecido, dende a Coordinación do Plan de acción titorial (PAT), se definen as diferentes reunións colectivas dos/as titores/as cos seus estudantes, a razón de dúas por curso académico, como recomendación, e sen perxuício das reunións individuais que foran requeridas polos/as estudantes ou da consideración por parte da persoa que titoriza dun número máis elevado de encontros. Facílitate ademáis a información útil para o estudantado relacionada cos diferentes servizos da Universidade, a trasladar na primeira das reunións grupais.

A primeira reunión estudantado-titores/as aconséllase teña lugar durante o primeiro cuadrimestre do curso 2022/2023. Nela, é tarefa de cada titor/a informar sobre os plans de estudos, as saídas profesionais, os principais servizos universitarios e as actividades de formación, culturais e deportivas coas que conta a Universidade.

Por outra banda, e en segundo lugar, a finais do segundo cuadrimestre, os/as titores/as realizan maioritariamente alomenos unha reunión colectiva final, na que intercambian co estudantado os

seus pareceres acerca do desenvolvemento do PAT, as debilidades detectadas, dificultades que atoparon, posibles suxestións, etc.

Por outra banda, o PAT serve de canle de comunicación para facer chegar ao alumnado cuestións de interese específica (en determinados cursos e titulacións) ou xeral (para todos os cursos e titulacións).

- De interese específica: Información sobre TFG ou TFM, programas de intercambio ou preinscripción en mestrados, entre outras.
- De interese xeral: Información institucional relativa a convocatorias ou programas, información sobre actividades da Facultade de especial relevancia.

Asimesmo, ao remate do curso era tarefa das persoas que titorizan poñer a disposición do estudiantado, a través da plataforma Moovi ou de xeito físico (sobre papel), unha enquisa anónima cuxos resultados han de recollerse neste informe. Por outra banda, dende a coordinación xeral do PAT-ANEAE,ponse a disposición das persoas que titorizan unha enquisa, no mes de xullo e anónima, cuxos resultados figuran tamén no anexo deste documento.

IV. TITORES(AS)

Pode consultarse, na seguinte táboa, a relación de persoas que desempeñaron a tarefa de titorización para as diferentes titulacións con docencia na Facultade

TITULACIÓN	TITOR(A)
Grao en Dereito	Pablo Fernández Carballo-Calero
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	José Ramón Rodríguez Lago
Dobre Grao ADE_Dereito	M ^a Hylma Alcaraz Salgado
Mestrado en Menores	Teresa Estévez Abeleira
Mestrado en Avogacía	Ángel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas
Mestrado en Dirección e Xestión Laboral	Alexandre Pazos Pérez

V. TITORIZACIÓN

As tarefas de titorización desenvolvidas son as que se recollen a continuación, para as diferentes titulacións.

- **Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:**

Titor: José R. Rodríguez Lago

Datas: Reunión grupal en outubro de 2021.

O luns 17 de outubro de 2022 o Titor informou a todo o alumnado por FAITIC da celebración dunha primeira reunión informativa do PAT en modalidade grupal e presencial que tivo lugar nas seguintes datas:

- 1º curso: Luns 24 outubro de 11:30 a 12:00 (quenda da mañá); Martes 25 de outubro de 17:15 a 17:45 (quenda da tarde).
- 2º curso: Martes 25 outubro de 10:15 a 10:45.
- 3º curso: Luns 24 de outubro de 10:15 a 10:45.
- 4º curso: Martes 25 de outubro de 16:00 a 16:30.

Trasládronse as informacións de carácter xeral sobre o PAT, e divulgáronse os documentos relativos á Normativa do Plan de acción Titorial e aos Servizos da Uvigo para o alumnado universitario. Non xurdiron cuestións específicas por parte do alumnado.

Durante o curso, o Titor trasladou aos catro cursos a través da plataforma dixital MOOVI e do correo electrónico as diversas propostas de información ó alumnado, trasladadas previamente pola coordinadora do PAT e o Equipo Decanal:

- Club de Debate e Oratoria (17 de outubro).
- Convocatoria Erasmus (20 de novembro).
- Reunións infromativas Erasmus (21 de novembro).
- Feira EmpresgoinCampus (1 de marzo).
- Información Becas JAE (27 de abril).
- Curso "Negociación Colectiva e Individual en el ámbito laboral" (5 de xullo).
- Curso de igualdade de xénero nas relacións laborais . Plans de igualdade e outras ferramentas" (24 de xullo).

O Titor recibiu e respondeu consultas e propostas efectuadas por 4 alumnos/as a través do seu correo electrónico. As temáticas de tales consultas foron: a xustificación documental de ausencias, a inscrición en cursos e a solicitude de bolsas.

O Titor respondeu as consultas e trasladou as cuestións pertinentes ante a: - Coordinadora de Grao; Coordinadora do PAT; Equipo Decanal; Secretaría de alumnos; Servizos da Uvigo para o alumnado.

O 27 de abril de 2023 o Titor informou ao alumnado da conveniencia de cubrir a Enquisa de satisfacción das materias e do PAT.

O titor achega a súa valoración global en relación á marcha do PAT no curso 22/23 e a expresa nos seguintes parágrafos:

“O curso 2022-2023 recuperou a plena normalidade dos cursos precedentes á pandemia. A participación do alumnado no PAT foi moi reducida, pero o PAT segue a ser unha ferramenta necesaria para a calidade da docencia e respondeu todas as inquietudes amosadas polos alumnos e alumnas.

O valor intrínseco da posibilidade de comunicación personalizada (presencial ou virtual) co alumnado, e da mediación ante o profesorado, o equipo decanal e os servizos da Uvigo pode verse minusvalorado por un modelo de Enquisas (burocrático, rutineiro e escasamente transparente nos seus resultados cara ó alumnado) que amosa ano tras ano escaso interese para o alumnado e resulta pouco operativo.

Consolidar a conciencia entre alumnado e profesorado da utilidade do PAT, non so en casos de emerxencia, senón para a mellora continua da práctica educativa, segue a ser un reto a acadar. Modificar ou suprimir procedementos rutineiros e favorecer unha comunicación mais personalizada entre alumnado e profesorado favorecerá sen dúbida o progreso do PAT e da docencia.”

- **Grao en Dereito:**

Titor: Pablo Fernández Carballo-Calero

Datas: Primeira reunión grupal en outubro de 2022. Unha reunión grupal de seguimento en abril de 2023.

A primeira reunión, foi celebrada nas datas 17 e 19 de outubro de 2022

Asistentes:

- 1º Curso: 50 persoas aprox.
- 2º Curso: 25 persoas aprox.
- 3º Curso: 60 persoas aprox.
- 4º Curso: 70 persoas aprox.

Nestas xuntanzas explícase aos asistentes en qué consiste o PAT e cales son as funcións que asume a persoa que titoriza. Tamén anticipase a celebración dunha segunda reunión a mediados do 2º cuatrimestre e a posibilidade de que o alumnado solicite tutorías individuais ao longo do curso cando o estime preciso.

En canto ás achegas:

- Nas reunións de 1º, 2º e 3º non houbo comentarios nin queixas sobre o desenvolvemento do cuatrimestre.
- Na reunión de 4º curso expuxéronse queixas en relación á coordinación dunha das materias optativas de cuarto e a ausencia do seu cronograma. Por outra banda tamén achegaron queixas en relación aos contidos prácticos esixidos e ao trato recibido nunha das materias obrigatorias.

A segunda reunión, foi convocada o 26 de abril

Asistentes:

- 1º Curso: 15 persoas
- 2º Curso: 18 persoas
- 3º Curso: 30 persoas
- 4º Curso: 23 persoas

O alumnado de 1º e 4º curso non realizou observacións nen trasladou queixas en relación ao desenvolvemento do curso.

O alumnado de 2º curso achegou dúas queixas. A primeira, en relación á puntualidade por parte do profesorado dunha das materias. A segunda, para facer constar que unha parte do profesorado non acepta os xustificantes médicos para excusar a falta de asistencia ás prácticas.

O alumnado de 3º curso

- 1.- Propón que se inclúa un seminario sobre o TFG (forma de comezar a traballar, buscar información, redactala, defendela, etc).
- 2.- Considera que a carreira xa non está tan orientada ao dereito económico e que polo tanto as optativas deberían ser revisadas e incluídas ou dirixidas a unha formación máis xeral, máis atractiva. Por exemplo, preocúpalle chegar a rematar os estudos con tantas limitacións para falar en público...
- 3.- Pide mellorar a organización dos horarios das clases e dos exames (ás veces coincidentes ou demasiado próximos)
- 4.- Critica que non fan visitas a institucións relacionadas coa carreira.
- 5.- Moovi parece moi pouco atractivo e mal utilizado polo profesorado
- 6.- Suxiren incluír no primeiro curso, no denominado curso cero, información sobre actividades, bolsas e servizos dispoñibles para o alumnado que moitas veces nin sequera sabe para que serve a delegación estudantil para a que demandan maior protagonismo.

As queixas tiveron resposta na propia reunión e/ou foron trasladadas á coordinación do PAT.

-
- **Dobre Grao ADE-Dereito:**
-

Titora (Dereito): M^a Hylma Alcaraz Salgado

Datas: Una reunión grupal, en outubro/noviembre de 2022.

Tendo en conta que a titoría do PAT en Dobre Grao se realiza de xeito compartido, a titora informa que intentou entablar contacto coas persoas que desempeñaban a tarefa de titorización pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Esta tarefa de sumar esforzos para unha acción común entre as persoas titoras foi moi difícil, xa que foi necesario conciliar horarios e conxugar axendas e, por outra banda, vencer as resistencias nalgúns dos casos. Ao final, púidose manter un primeiro encontro co alumnado, no que as dúas Facultades presentaron o Plan de Acción Titorial e cederon os seus contactos para posibles comunicacións.

Durante todo o curso non foi posible atopar un novo horario común cos titores(as) de Ciencias Económicas e Empresariais que permitise convocar e realizar outras reunións grupais. Non obstante, a titora mantivo reunións informais co alumnado, xa que impartira clase co alumnado de primeiro curso e coñecía ao alumnado dos demais cursos por ter traballado con eles anteriormente.

En xeral, nestes encontros o alumnado amosouse satisfeito co desenvolvemento do curso, sen manifestar ningunha queixa nin achegar ningunha incidencia.

- **Mestrado en avogacía:**

Titores/as: Angel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas

Datas: Primeira reunión grupal en novembro/décembro de 2022. Unha reunión grupal de seguimento en mayo de 2023.

A primeira reunión grupal tivo lugar o 23 de novembro de 2022 en Vigo. O número de asistentes foi de 13, no grupo A e 11 no grupo B.

O alumnado fai as seguintes achegas:

- Sinalan que deben utilizar regletas de enchufe propias e compartilas para poder utilizar os seus ordenadores porque non hai enchufes individuais.
- Preguntan as razóns para a existencia de clase os venres. Lembran que noutros campus, as clases comezan nunha data distinta.
- Manifestan dúbidas sobre o contido a avaliar en Dereito Administrativo. Asimesmo consideran que nalgunha das súas partes, non hai material ou indicación previa que permita seguir as clases de xeito adecuado.
- Indican a excesiva duración das xornadas lectivas e, por outra banda, a ausencia de luz na estrada pola noite.
- Unha persoa manifesta o seu malestar polo uso xeneralizado do castelán na comunicación oral e escrita, e quere saber se se pode facilitar o exame en galego.
- Outros estudantes din que na Universidade onde estudaron, por mor do Covid, non viron expropiación forzosa nin contratación pública e por iso piden algunha explicación sobre estes temas.
- Outro alumno comenta que a pantalla onde se proxectan as imaxes corta o contido na parte superior, e pide que se arranxe.

No caso de Pontevedra, a primeira reunión grupal tivo lugar o 7 de decembro de 2022. Foron 9 as persoas asistentes.

As achegas foron:

- Indican que, ante o malestar das cadeiras do Salón de Actos para as clases, utilizan a sala de lectura da Biblioteca do ICA naquelas clases que non precisan da proxección de presentacións. Afirmar que só hai unha regleta á que poden enchufar un máximo de catro persoas á vez, aínda que non sempre é necesaria a recarga.
- Quéixanse do sistema de descarga de arquivos en Moovi e piden que se lles avise cando se suban arquivos de distintas materias.

- Píden respecto polos minutos de descanso para que o profesor saínte remate antes o entrante comece na hora sinalada.

Lémbrese ao alumnado a conveniencia de responder ás enquisas dispoñibles individualmente na Secretaría Virtual da Uvigo. E dáse resposta a moitas das dúbidas prantexadas.

No segundo cuadrimestre os titores do PAT abriron un exercicio en FAITIC para que, dende o 22 ao 24 de maio, subisen á devandita plataforma os comentarios que considerasen pertinentes. Foron aportadas as seguintes consideracións:

Asemade, o PAT foi tamén o canal de difusión das enquisas das titulacións oficiais para favorecer a participación do alumnado. Tamén difundíronse aquelas accións de interese para o alumnado, como convocatorias de bolsas, feira de emprego, etc

- **Mestrado en Xestión e Dirección Laboral:**

Titor: Alexandre Pazos Pérez

Datas: Primeira reunión grupal en setembro de 2022. Unha reunión grupal de seguimento en febreiro de 2023.

Na data do 30 de setembro de 2022, ás 16h, levouse a efecto unha primeira reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 20 minutos.

O encontro foi informativo en relación aos servizos da Universidade de Vigo (Área de Emprego, FUVI, ORI, Servizo de Axudas ao Estudio, Bolsas e Prezos Públicos, Servizo de Xestión de Extensión Universitaria, Unidade de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo UNATEN, Centro de Linguas), , Unidade de Igualdade, Biblioteca e Área de Calidade.

En xeral, ao ser o inicio do curso, non se formularon queixas nin suxestións por parte do alumnado, considerando unha boa comunicación entre o alumnado e a dirección/coordinación académica.

No encontro estiveron presentes 11 estudantes.

Na data do 15 de febreiro de 2023, ás 16h, levouse a efecto unha segunda reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 15 minutos.

Na reunión, na que estiveron presentes 12 estudantes, o Coordinador-titor preguntou ao alumnado se se produciu algunha incidencia. En resposta o alumnado achega que:

- Solicita se poña a disposición na plataforma MooVi a documentación das materias con maior anticipo para que a revisen antes do inicio da docencia.

- Solicita unha redistribución da carga lectiva, por considerar excesiva a carga lectiva da materia “Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado laboral” e “Xestión Tributaria”.
- Solicita o cambio de aula por outra máis pequena porque fai frío, polo que se fixo o cambio solicitado.

Por outra banda manifestan que:

- A coordinación das materias entre o profesorado responsable é boa.
- Todo o profesorado foi achegando a documentación necesaria e adaptando as clases á modalidade virtual sen maiores incidencias.
- Sería positivo realizar unha avaliación de calidade das empresas que participan en prácticas externas.
- O Coordinador-Titor anima ao alumnado a participar en enquisas de satisfacción con títulos oficiais, explicándolles que teñen que acceder á Secretaría Virtual e cubrir un formulario. Ademais, recomenda que o fagan por ser un elemento de gran importancia nos procesos de avaliación externa, para acadar o obxectivo de conseguir unha mellor proporción de enquisas realizadas.

Finalmente, o día 3 de maio de 2023, o Coordinador-Titor repartiu entre o alumnado un cuestionario final de satisfacción do alumnado, no que valoraron positivamente diferentes aspectos como a documentación e información recibida, a organización e coordinación das diferentes actividades realizadas. PAT e a súa utilidade.

- **Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social:**

Titora: Teresa Estévez Abeleira

Datas: Primeira reunión grupal en outubro de 2022. Unha reunión grupal de seguimento en febreiro de 2023.

As reunións grupais resultan especialmente interesantes e proveitosas porque nelas se trasladan á titora do PAT as dúbidas, inquedanzas, problemas ou suxestións que teñan os alumnos sobre a marcha do Grao.

En concreto, na reunión do 6 de outubro de 2022, a titora informou ao alumnado sobre as funcións e obxectivos do PAT e instoulles a que lle facilite información sobre as dificultades ou problemas que poidan ter o alumnado no primeiro mes de docencia no Mestre. Un alumno preguntou sobre as porcentaxes de asistencia presencial necesarias para ser avaliado nas distintas materias; e outro para a posible asistencia telemática de forma oportuna. A titora do PAT deu resposta á consulta na propia reunión.

Por outra banda, na reunión celebrada o día 2 de febreiro de 2023, as 11 persoas asistentes ao encontro manifestaron as seguintes cuestións: mala coordinación entre o profesorado e o coordinador dalgunha materia; dúbidas sobre o sistema de avaliación das distintas materias; dificultades para comunicarse con algúns titores de TFM; e procedementos para o depósito e defensa do TFM. A titora do PAT deu resposta a todas estas preguntas explicando, no seu caso, a normativa aplicable e a información contida nas guías docentes.

En canto ás comunicacións mantidas co alumnado, foron constantes e realizadas co obxectivo de informar con prontitude sobre calquera cuestión que puidese ser de interese xeral, en concreto, para acollelos ao Máster Universitario en Menores. ; convocalos á primeira e segunda reunión do Plan de Acción Titorial; informalos e marcar os procedementos de elección dos títulos de TFM; animalos a participar no III Congreso de Xustiza Restaurativa e Xustiza Terapéutica, tamén no curso “Mediación intercultural para a sensibilización e prevención da violencia de xénero, e nunha conferencia coloquio o 21 de novembro de 2022; informar sobre a convocatoria adiantada a xaneiro de 2023 para a defensa do TFM por parte do alumnado de cursos anteriores; animalos a realizar a enquisa de satisfacción da titulación; tamén para darlles información sobre diferentes bolsas, e sobre ofertas de prácticas en organizacións europeas. Por último, animarvos a completar o cuestionario de avaliación final do Plan de Acción Titorial durante o curso 2022/2023.

Así mesmo, todas as dúbidas e preguntas particulares formuladas polo alumnado foron respondidas por correo electrónico.

- **Programa PIUNE:**

A UNATEN, oída a Comisión Técnica de Atención ao Estudantado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (COATEN), é a encargada de elaborar e facer chegar á coordinadora xeral do PAT, os Plans de Atención Individualizada das persoas inscritas no programa PIUNE, a fin de favorecer a integración e igualdade de oportunidades de todo o alumnado. As pautas a aplicar, en cada caso particular, son establecidas polo Gabinete Psicopedagóxico.

No curso 2022/2023, sete persoas entre o alumnado da Facultade figuraban inscritos no programa PIUNE, nas titulacións de Grao en Dereito (4) e Grao en Relacións Laborais (3). En relación á atención ás necesidades educativas específicas deste alumnado compre sinalar:

- As pautas de atención individualizada remitidas pola UNATEN e dictadas polo Gabinete Psicopedagóxico, foron enviadas ao profesorado para a súa aplicación. As variacións nestas pautas de actuación, que nalgún caso aconteceron ao longo do curso, foron debidamente comunicadas no momento da súa recepción.
- A resposta do profesorado, segundo reflexa o propio alumnado é satisfactoria. Non houbo comunicación de ningunha obxeción en relación ás pautas establecidas polo Gabinete Psicopedagóxico en cada caso.
- A obriga de manter contacto a través do enderezo institucional segue a provocar retrasos nas respostas recibidas. Unha boa parte do alumnado refire non utilizar de forma continuada dito enderezo.
- Unha vez rematada a convocatoria de xullo, foi enviada unha mensaxe ao alumnado inscrito no programa para obter a súa opinión sobre calquera cuestión que afectase ao desenvolvemento do curso na súa totalidade. As respostas recibidas non poñen de manifesto ningún inconvinte no que atinxe ao programa PIUNE. Pola contra, todas sinalan un alto grao de satisfacción co desenvolvemento do programa e coa atención recibida.

- O Informe final sobre o desenvolvemento do programa PIUNE para cada unha das persoas inscritas foi remitido a Diversidade o 26 de xullo de 2023.

Os apartados recollidos no presente punto V do informe, refírense ata aquí ás actividades desenvolvidas polas persoas titoras nos cursos respectivos e nas respectivas titulacións.

Asemade, ademáis da tarefa desempeñada polos titores e titoras, compre sinalar tamén outras actividades de orientación ao estudiantado que, ao longo do curso, veñen desempeñándose no Centro enmarcadas na acción tutorial e cuxa cronoloxía aparece desglosada nas táboas que figuran a continuación:

Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEAE: ORIENTA-T

Actuacións de acollida e presentación		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
Xornadas de benvida	Alumnado de 1º de Grao en Dereito	05/09/2022, 9:45 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Grao en RRL e RRHH	05/09/2022, 9:45 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Avogacía	VIGO: 17/10/2022, 16:00 horas Ilustre Colexio de Avogados de Vigo PONTEVEDRA: 17/10/2022, 18:30 horas Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra
	Alumnado de 1º de Mestrado en Menores	F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Dirección e xestión laboral	F. Ciencias Xurídicas e do Traballo

Ciclos de conferencias, seminarios e xornadas		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
Feira Emprego inCampus	Alumnado xeral en	16/03/2023 F. Ciencias Xurídicas e do Traballo e F. Ciencias Económicas e Empresariais
Xornadas: En primeira persoa, saídas profesionais e taller de oratoria	Todo o alumnado do centro	14-15/03/2023 Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo

VI. ENQUISAS

Ao remate do curso académico púxose a disposición do alumnado unha enquisa final destinada a valorar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e o grao de cumprimento dos seus obxectivos. Por outra banda, púxose tamén unha segunda enquisa de satisfacción a disposición das persoas encargadas da tarefa de titorización das diferentes titulacións.

En relación á enquisa do estudantado, nótase un incremento da participación en algunha das titulacións da Facultade. Semella que é unha boa iniciativa incluír o cumprimento da mesma na última das reunións grupais. A presenza garante en boa medida a participación (sexa a enquisa sobre papel ou sexa a través da plataforma Moovi se o alumnado dispón de ordenadores no momento do encontro).

A participación do alumnado na titulación do Mestrado en Menores mellorou considerablemente. Foi cuberta a enquisa por 16 persoas, fronte a nula participación do curso anterior. Os resultados, que poden consultarse en detalle no Anexo, reflicten un grao de satisfacción alto co desenvolvemento do PAT en todos os seus apartados.

Tamén a cifra de participación no Mestrado en Dirección e Xestión Laboral mellorou notablemente. A enquisa foi cumprimentada por 10 persoas, fronte as tres que o fixeron no curso pasado. Os resultados tamén reflicten unha moi alta satisfacción en relación ao desenvolvemento do Plan. O 100% das persoas o valoran de xeito positivo.

Pola contra, a participación foi totalmente nula nas titulacións restantes.

Por outra banda, en relación ás persoas encargadas da titorización, incrementouse un pouco a participación, aínda que segue a ser mellorable. Dun total de 7 titores(as), cumprimentaron a enquisa 5.

Debido á repercusión que, no Sistema de Garantía Interno de Calidade, supón a participación nos procesos de avaliación de plans e procedementos, compre reflexionar sobre o xeito de mellorar esta cuestión. É importante tomar conciencia sobre esta problemática, por en práctica os mecanismos de avaliación máis axeitados, nas datas máis propicias e incidir na relevancia de formar parte da avaliación do sistema. Esta é unha tarefa que corresponde, fundamentalmente, as persoas encargadas da posta en marcha do Plan e o seu desenvolvemento.

VII. CONCLUSIONES

A visibilidade e utilidade do PAT non alcanza todavía obxectivos satisfactorios. A participación do alumnado, a implicación do profesorado e o desenvolvemento do PAT, tamén amosa ser mellorable.

Semella que PAT debería ser unha ferramenta útil de mediación e comunicación co alumnado pero consolidar a conciencia da súa utilidade, non so en casos de emerxencia, senón para a mellora continua da práctica educativa de profesorado e alumnado segue a ser un reto a acadar para o futuro.

En canto ás propostas, analizados os informes e as enquisas, se sinalan as seguintes:

- **É preciso intensificar o traballo de coordinación do PAT, na procura dunha maior e mellor visibilidade do PAT como instrumento útil para mellorar a docencia.**
- **É preciso otorgar un maior número de horas ao profesorado encargado da titorización. É preciso tamén un traballo conxunto coa coordinación dos títulos, a quen corresponde solventar as cuestións relativas á docencia. O alumnado ten que distinguir os diferentes ámbitos dende os que se incide na calidade das titulacións.**
- **É preciso incentivar a participación nas enquisas de satisfacción, como mecanismo de mellora do Plan. A día de hoxe, segue a constatarse unha nula participación nas enquisas finais en moitas das titulacións. Este feito fai imposible contrastar opinións e ter unha idea máis axeitada sobre as posibilidades de mellora na súa implantación. Haberá que valorar a data máis axeitada para lanzar a enquisa, difundila axeitadamente e animar ao alumnado a formar parte da ferramenta. Labor que, fundamentalmente, ten que recaer sobre as persoas encargadas da posta en marcha e desenvolvemento do Plan.**
- **Segue sen existir unha enquisa adicional para valorar a atención ás necesidades educativas específicas. As persoas inscritas no programa PIUNE cubren a mesma enquisa que o resto do alumnado. É posible que as características singulares desta parte do PAT requiran dunha análise adicional que valore o grao de satisfacción entre o alumnado acollido ao programa. No curso 22/23 a valoración deste Plan foi recollida novamente por medio do correo electrónico. Aínda que a valoración é positiva, quizás o feito de que este apartado non se recolla de xeito anónimo sesga o seu resultado.**

VIII. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS

-
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:
-

Ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.

-
- Grao en Dereito:
-

Ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.

-
- Dobre Grao ADE-Dereito:
-

Ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.







-
- Mestrado en Avogacía:
-

Ningunha persoa participou na enquisa e non se recolleu ningunha resposta ou suxerencia.

- Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social:

Fronte a nula participación do curso anterior, 16 persoas participaron no proceso de enquisa no presente curso 22/23. É unha mellora considerable da participación entre o alumnado da titulación.

Estos son os resultados:



Por outra banda, na cuestión aberta “*Que engadiría?*”, achegáronse as seguintes suxerencias:

- Mellorar a comunicación co alumnado, non sómentes dentro do PAT, senón tamén co profesorado.
- Convocar as reunión do PAT consultando previamente a dispoñibilidade do alumnado.
- Maior atención as críticas ou queixas que poidan achegarse.
- Brindar tamén información administrativa (sobre matrícula ou outras cuestións).

- Mestrado en Xestión e Dirección Laboral:


Recolléronse 10 enquisas cumprimentadas de xeito manual.

Nestas enquisas, en relación ás respostas obtidas, existe total unanimidades ao responder ás preguntas seguintes:

- Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?
- Considera axeitado o sistema de seguimento?

O 100% das respostas recollidas sinalan como axeitadas as dúas cuestións anteriores.

En relación ás preguntas nas que non existe unanimidade, estos son os resultados:



- Enquisa titores(as):

Foron recollidas 5 enquisas cubertas por persoas que desempeñaron a tarefa de titorización, que representan un 71,4% de participación.

Nas enquisas recollidas existe unha total unanimidade no que se refire ás preguntas seguintes:

- Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?
- Considera axeitada a metoloxía empregada?
- Pensa que é axeitado o sistema de seguimento:

O 100% das respostas recollidas sinalan como axeitadas as tres cuestións anteriores.

En relación ás preguntas nas que non existe unanimidade, estos son os resultados obtidos pola enquisa:

